

# EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS  
POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Juliet  
Robertson



**EDUCAR FUERA DEL AULA.** Editorial SM, 2016.

Este libro está dirixido a docentes de Primaria e a todos aqueles que desexen dar a súa clase ao aire libre. As ideas que propón baséanse nas propias experiencias da autora co seu alumnado. Xogos no patio da escola, actividades por equipos, de aventura ou de valoración e coidado do medio natural. Os educadores poden dar un uso innovador a diferentes lugares e espazos que estimule aos alumnos e alumnas para gozar, crear, innovar e aprender. É só unha cuestión de costume, e habituarse a aprender na natureza é máis “natural” do que parece.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Carballo](#), [Lugo](#)

**ENTENDER EL CAMBIO CLIMÁTICO: INFORMACIÓN Y RECURSOS PARA EL PROFESORADO.** Narcea de Ediciones, 2020.

Este libro ofrece unha formulación atractiva para coñecer e avaliar as actuais investigacións sobre o quecemento global e o cambio climático, á vez que axuda a desenvolver o pensamento crítico do estudiantado. Consta de nove sesións que proporcionan unha exacta e alcanzable información de fondo sobre o tema. Unha detallada descrición de métodos tridimensionales para dominar un asunto tan complexo. Isto axudará a que o alumnado realice a súa propia investigación, pense por si mesmo e planifique accións positivas de cambio nos seus fogares, escolas e comunidades.



Laura  
Tucker

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Universitarias: [USC](#)



Laura  
Jiménez,  
C.Vignolo,  
R. Alsedo



### SOS POLINIZADORES. GUÍA PARA DOCENTES Y EDUCADORES AMBIENTALES.

Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2018.

SOS Polinizadores é un proxecto que pretende fomentar no persoal docente e o alumnado o coñecemento e estudo dos insectos polinizadores dentro dos ecosistemas, o seu efecto e repercusión nas nosas vidas, e as ameazas ás cales están sometidos. A guía presenta dous bloques de actividades, un enfocado a Primaria e outro a Secundaria. Só a través do coñecemento do mundo que nos rodea pódese sensibilizar e xerar un pensamento crítico cara ás problemáticas ambientais ás que nos enfrontamos, para facer do noso planeta un lugar máis acolledor para todos os seres que o habitamos.

Descárgao en




<https://bit.ly/3TRM4so>

### GUÍA DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FORESTAL. CLAVES PARA LA INTEGRACIÓN DE LOS BOSQUES Y SU GESTIÓN SOSTENIBLE COMO RECURSO EDUCATIVO EN LA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio, 2023.

Esta guía é un proxecto de educación e pedagogía forestal para achegar aos escolares á natureza e ao medio que lles rodea a través dunha programación e contidos cos que sacar a aula ao bosque. Coñeceremos os recursos renovables que nos achegan os bosques, como a madeira, as plantas, o mel ou os cogomelos, pero tamén os perigos que os axexan. Dirixido a escolares de terceiro ciclo de primaria.



David  
Tutor,  
Claudia G.  
Molina


Descárgao en



<https://bit.ly/3zjtb8w>



Varios  
Autores



**MAIMA. MONOGRÁFICO ARTE Y MEDIO AMBIENTE.** Centre d'Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana, 2022.

Co Monográfico MAiMA Arte & Medio Ambiente, preténdese mostrar algunhas das iniciativas que xa van da man. Como os e as artistas expresan a través das súas obras estes conceptos, ideas e sensacións e como a Educación Ambiental pode incorporar ditas obras no seu proceso de traballo coa sociedade. Este documento é un reflexo desta relación e do seu potencial para a transición ecosocial.


Descárgao en



<https://bit.ly/40LDnSz>

**PREGUNTA Á DRA. PETEIRO SOBRE OS BICHIÑOS.** Baía, 2008.

A Dra. Peteiro é unha ave femia moi sabia que é consultora sentimental dos animais. Con este libro informativo, podes ler os consellos da experta doutora sobre calquera tipo de problema relacionado co ciclo da vida, a cadea alimentaria, a dieta e as relacións entre os animais. Unha marabillosa forma de introducir a nenos e nenas na fauna salvaxe, con orixinais textos e ilustracións que nos levan a descubrir o mundo dos pequenos habitantes da Terra.



Claire  
Llewellyn,  
Kate  
Sheppard


Descárgao en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Nigrán](#), [Redondela](#), [Rodeiro](#), [Cambre](#), [Lourenzá](#), [Meis](#), [Muros](#), [Muxía](#), [Porriño](#), [Ourense](#), [Pontecesures](#), [ontevedra](#), [Santiago](#), [Silleda](#), [Valdoviño](#), [Vilagarcía](#)

Nathalie  
Tordjman,  
Julien  
Norwood,  
Isabelle  
Simler



### EL LIBRO DE LOS ÁRBOLES. Errata Naturae, 2022.

As árbores rodéannos: vivas no campo ou na cidade, seguro que podes ver máis dunha árbore desde a túa xanela. Gustaríache coñecer todos os seus segredos? Coñecer o mundo misterioso que esconden? Acompáñanos nesta viaxe repleta de descubrimentos para sabelo todo destes grandes descoñecidos. Nestas páxinas, cunha chea de preciosas e detalladas ilustracións, descubrirás todos os segredos duns auténticos superheroes.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#), [O Grove](#), [Xinzo](#) e [Limia](#)

### A CIDADE DOS DESEXOS. Xerais, 2023

Un día, os nenos e nenas da cuadrilla baten cunha persoa enigmática, capaz de facer as cousas máis estrañas e fascinantes. Con esa persoa van emprender a aventura de cambiar por completo a cidade onde viven. E non vai ser unha tarefa doada. A primeira obra infantil publicada por Agustín Fernández Paz é un conto ecoloxista que nos lembra que é posible mellorar o mundo comezando polo máis próximo.



Agustín  
Fernández  
Paz,  
Ignacio  
Hernández

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santiago, Vigo](#)

Bibliotecas Universitarias: [USC](#)

Santiago  
Ginnobili,  
Guido  
Ferro



**EN CONTINUA EVOLUCIÓN.** Faktoría K de Libros, 2023.

Este libro é un recoñecemento á figura e ao legado do naturalista Charles Darwin por sentar as bases do progreso científico formulando dúbidas, cuestionando as ideas establecidas e procurando novas respostas con audacia. A orixinal proposta estética de Guido Ferro combina imaxes inspiradas nos antigos libros científicos e ilustracións sorprendentes. Descriptivas e humorísticas, reforzan o estilo actual e próximo deste libro informativo que pretende inculcar o interese e a curiosidade por parte das nenas e dos nenos cara á ciencia e a vida.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Mañón](#), [Noia](#), [Santiago, Vigo](#)

**O GRAN LIBRO DA NOSA HORTA.** Cumio, 2022.

Algunha ves desexaches cultivar os teus propios vexetais pero non sabes por onde comezar? Ter unha horta na casa está ó alcance de calquera. Só precisas saber algunhas cousas e poñerte máns á obra. Neste libro informativo e ilustrado atoparás todo o que precisas saber para crear a túa horta na casa e dende cero. Coñecerás o lugar perfecto para ela, os procesos de semente e colleita e os cultivos que podes poñer en cada época do ano para así ter froitas e verduras frescas cada día.



Blanca  
Millán

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#), [Illa Arousa](#), [Redondela](#), [A Guarda](#), [Cambre](#), [Carnota](#), [Cuntis](#), [Foz](#), [Leiro](#), [Lugo](#), [Pontevedra](#), [Santiago](#)

Bibliotecas Universitarias: [USC](#)



# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

## FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>